

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 7 CINTA 9

**NOME DO DOCUMENTO:**

MPG_SaVi_0009_007_en_0_45_11_id660_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0009_007_en_0_45_11_id660.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o sétimo corte dos que se divide a novena das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante intenta lembrar algún refrán ou dito mariñeiro. A conversa deriva na enemistade que había entre a xente de Cangas e de Moaña debido á modalidade de pesca que utilizaban uns e outros.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 13 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, refrán, dito, romería, festa, Cangas, Moaña, pelexa, pesca, cerco

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 7 DA CINTA 9



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: E algunhas expresións mariñeiras que despois levábanse en terra, que teñen algún significado como decir ó mellor eu que sei, a raia e a solla entran ó mellor nos meses que levan r ¿non? E despois había expresións dos barcos que se usaban en terra, cando un iba borracho “agarrache ou colleches unha merluza”, “agarraches unha merluza”, ou “hai mar de fondo”, ¿non son expresións?

R: Todos eses todos. Eses eran piropos que se lle tiraban...(?) Cando viñan borrachos decías “colleches unha mierda..”.

P: Si, “colleches unha mierda”, e así expresións de tipo mariñeiras, como gabear, gabear era dos barcos.

R: Gabear era subir, en vez de dicir, “bueno sube ó palo”, “gabea ó palo”.

P: “Gabea ó palo”.

R: Sube ó palo.

P: E despois cando estaba na casa ó mellor decía gabea para arriba, gabea polas escaleiras, que en realidade son expresións do mar, ou cando hai rapaces dise “Hai moros na costa”. ¿Non?. No se suele dicir ese tipo de expresións ¿Non se dá conta... ?

R: Esas palabras usábannas os rapaces, cando viñan os pais ou se estaban facendo un traballo que viña o dueño...(?), decían “Hai moros na costa”, porque viñan os dueños ou viñan os pais.

P: E non lle acordan expresións así graciosas simpáticas, expresións mariñeiras que se dixeran en terra. Cando iba a tomar viños ou algo así decía “vamos ó mar ou...”

R: Mira moito antes da Romaría de San Bartolomeu, na Peregrina, nas festas aquí de Moaña, de San Benito, nas de Cangas, nas do Espírito Santo (Cangas), as veces viñan en barco de remos cargados de xente para a Romería, como a de Chapela, e nunca terminaba a romería sin pelexar. O último toque era a pelexada.

P: Era a pelexada si.

R: O último tocada que botaba a música.

P: Acababa a festa.

R: Viña a guardia civil.

P: E xa iban procesos a pelexar ou era que estaban quentes co viño.

R: Porque estaban quentes, e despois como eran forasteiros.

P: Si, como lle anduveras coa moza de alá que non quería que anduveras

R: Como quería...eran forasteiros había que meterse.

P: A maioría das pelexadas empézábanse polas mozas, ou xa se iban a buscar. Calquer motivo xa era...

R: Porque aquí en Moaña e Cangas toda a vida, toda vida se levaron mal. O can e o gato, sempre todo pola pesca, iso todo pola pesca, non querían que se traballara ó caldeo, querían que se traballara de noite como traballaban eles, querían que os pescadores de Moaña, os de aquí de todo o Morrazo querían que traballaran todos como traballaban eles igual, eles solo traballaban de noite. Os de Moaña traballaban de noite e traballaban de día, e eles non querían que traballaran ó cerco, xa os asturianos xa para Cangas xa non foron.

P: Xa non quixeron ir para alá ¿E non viñeran tamén santanderinos?

R: Non, para acá con eles nada, algúns porque este que había aquí, que lle chamaban “Santander”, era un tío meu, casouse con unha...Carrera de (?) Ríos, cunha irmán da miña sogra, ...(?) non veu para aquí, e casouse aquí e morreu aquí. E viñeron os “Ferroles”. Estes “Ferroles”, que eran de Ferrol.

P: Si. “Os Ferroles” son todos canteiros, máis ben.

R: Pero viñeron a traballar á pesca, o primeiro que veu a pedir traballo foi a Amador (?), axudaba a encascar, e durmía na bodega sin cama, encima dos aparellos. Nos aparellos que



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

estaban na bodega e durmían alí, facían alí de comer, e fóronse criando así, hasta que el colleu unha posición. Hai anos colleu unha posición de canteiro, meteuse no labor de cantería e empezou a traballar, e os fillos...

P: E de refráns, dos refráns mariñeiros, ¿sabe muitos?

R: Ese refráns quen sabe muitos é o...

P: “O Caramuxo”.

R: Si, “O Caramuxo”.

P: Ese sabe chistes e contos pero así de refráns como “que en maio a sardiña pinga no borrallo, en San Xoan pinga no pan”

R: Eses eran refráns de vellos de antes.

P: E acordase así “A solla coa caída da folla”

R: Dábanlle o nome ó pescado que sabía ben naquela época dábanlle o nome como a solla, á caída da folla esa.

P: Tiña que coincidir, e algún... os peixes ó mellor, os arroaces tiñan...

R: E que realmente os peixes de mar tiñan a súa época de sabor [córtase]